

**Plan de acción tutorial e atención ás necesidades
específicas de apoio educativo**

Informe final de Avaliación 2024/2025

R2 - DO0203 P1

ÍNDICE

1.	INFORMACIÓN XERAL.....	1
2.	COORDINACIÓN.....	1
3.	AVALIACIÓN DO PAT.....	1
4.	CONCLUSIÓNS.....	6

1. INFORMACIÓN XERAL

Centro	Escola Universitaria de Maxisterio "María Sedes Sapientiae"		
Ámbito de aplicación	Grao en Educación Infantil Grao en Educación Primaria		
Curso de implantación do PAT	2012/2013	Data de aprobación da versión en vigor do PAT	23 de marzo de 2021

2. COORDINACIÓN

Coordinación do PAT-ANEAE	Susana Álvarez Lago Paula Ramos Garrido
Titoras de curso	Purificación García Cajide (1º Grao en Educación Infantil A) Marta Lloves Pequeño (1º Grao en Educación Infantil B) Elena Ciga Tellechea (1º Grao en Educación Primaria A) Sara Martínez Carrera (1º Grao en Educación Primaria B) Julia Criado del Rey Morante (2º Grao en Educación Infantil) Susana Álvarez Lago (2º Grao en Educación Primaria) Marta Peláez Torres (3º Grao en Educación Infantil) Mª del Carmen Rodríguez Lorenzo (3º Grao en Educación Primaria) Ana Caiño Carballo (4º Grao en Educación Infantil) Miriam Varela Iglesias (4º Grao en Educación Primaria)

3. AVALIACIÓN DO PAT

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS				
Obxectivos xerais				
Obxectivo	Non desenvolvido	Parcialmente desenvolvido	Desenvolvido	Xustificación
Establecer a titoría e a orientación académica e profesional na Universidade como modo de diversificar a axuda educativa ao estudante durante o seu paso pola mesma.			x	Todos os membros do PAT-ANEAE estiveron comprometidos con este obxectivo, desenvolvendo as súas funcións de maneira eficaz e responsable.

Establecer un sistema de información, orientación e seguimento académico para os estudantes mediante a asignación dun profesor tutor.			x	Todos os cursos contaron cunha profesora titora asignada desde o inicio do curso, encargada de levar a cabo estas funcións.
Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria.		x		As titoras mantiveron unha comunicación continua cos seus titorandos a través de diferentes canles, informándoos sobre as actividades organizadas tanto dentro como fóra da Escola, e convidándoos a participar. Con todo, a resposta do alumnado non sempre foi a esperada.
Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar...		x		O alumnado pode acceder a esta información a través dos taboleiros informativos, da Secretaría da Escola, das reunións coas súas titoras e da pantalla situada na entrada do centro. A pesar de estas vías de comunicación, una parte do estudantado continúa amosando desinformación ou incerteza neste ámbito.
Potenciar a capacidade de aprendizaxe autónomo do estudante e as posibilidades de traballo cooperativo e en equipo.		x		Nas distintas materias foméntase o traballo colaborativo mediante tarefas grupais, que favorecen a interacción entre o alumnado a contribúen a consolidar a súa aprendizaxe. O profesorado participa activamente neste proceso, co obxectivo de capacitar ao estudantado a xestionar o seu proceso formativo, tomar decisións e asumir a responsabilidade no seu proceso de estudo.
Entender a función do profesor/a como a dun axente que orienta e guía a aprendizaxe do estudante para conseguir progresivamente a súa regulación e xestión autónoma.			x	Os claustros e as reunións de coordinación docente constitúen espazos fundamentais para compartir o compromiso do profesorado co alumnado. Neles, expóñense as dificultades e retos que atopa no seu labor nas aulas, con obxectivo de promover unha reflexión conxunta sobre como axudar ao discente a aprender por si mesmo, a aprender a aprender, a desenvolver o pensamento crítico.

<p>Garantir o desenvolvemento das accións determinadas dentro do programa de atención ás necesidades de apoio educativo do alumnado do centro. A comunicación entre as persoas coordinadoras do PAT-ANEAE e o profesorado do centro será continua, trasladando as actividades a desenvolver e as adaptacións que garantan a atención á diversidade e a igualdade de oportunidades deste alumnado.</p>			x	<p>Ao comezo do curso, cada titora presenta á coordinadora do Programa de Atención ás Necesidades de Apoio Educativo do alumnado na Escola, así como ao PIUNE da Universidade de Vigo. Neste curso, un total de dezaseis estudantes solicitaron este servizo. Unha vez analizado cada caso e definidas as accións a desenvolver, a coordinadora mantivo unha comunicación constante cos docentes de cada un deles e, principalmente, coa súa titora co obxectivo de garantir a implementación das medidas acordadas e realizar un seguimento individualizado de cada estudante. Con isto preténdese asegurar que o alumnado poida alcanzar os obxectivos xerais establecidos en cada materia, en condicións de equidade e inclusión.</p>
<p>Fomentar a capacidade de análise e resolución dos problemas e a toma de decisión baseada en criterios ben establecidos, que impliquen a necesidade de xuízo crítico e construtivo.</p>		x		<p>Fomentouse a cooperación e o apoio mutuo entre todos os membros da comunidade educativa para afrontar os problemas e buscar solucións eficaces. Valoráronse e tiveronse en conta as opinións e achegas de cada persoa neste proceso. Sinalar a importancia de intensificar a labor das titoras para promover un maior compromiso e implicación do estudiantado neste tipo de cuestións.</p>
<p>Empregar o PAT como unha forma máis de obtención de datos e valoración sobre o propio desenvolvemento e mellora da calidade da titulación.</p>		x		<p>A comunicación é fluída e constante coa responsable da Área de Calidade da Escola, e o cumprimento das enquisas de avaliación por parte do alumnado e as titoras axudan ao logro deste obxectivo. O descoñecemento do PAT por parte do alumnado dificulta que as enquisas cumpran o seu obxectivo de mellora de calidade, xa que moitas veces son cubertas sen suficiente reflexión crítica nin construtiva.</p>
Obxectivos específicos				
Obxectivo	Non desenvolvido	Parcialmente desenvolvido	Desenvolvido	Xustificación
<p>Facilitar e mellorar a integración dos estudantes na vida académica.</p>			x	<p>Durante o curso leváronse a cabo numerosas actuacións dirixidas a desenvolver este obxectivo, facilitando a integración do alumnado na vida académica da Escola. Cabe reflexionar sobre a súa presentación e a invitación a participar nelas, xa que a resposta non sempre foi a esperada.</p>

Mellorar a satisfacción dos estudantes coa formación recibida.			x	O resultado obtido nas enquisas de calidade é satisfactorio, pero seguimos traballando e tomando decisións para dar resposta ás demandas do alumnado.
Reducir a taxa de abandono.	x			Este obxectivo valorarase no Informe Revisión pola Dirección elaborado pola Comisión de Calidade do centro.
Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo e informativo dos alumnos/as.		x		Invitación a participar en xornadas, cursos, mesas redondas organizadas pola Escola ou por outra institución como unha oportunidade para complementar a formación e información do alumnado en diferentes ámbitos.
Orientar e fomentar a inserción laboral dos alumnos.		x		As titoras estiveron sempre dispoñibles para atender e resolver calquera dúbida que poideran ter os seus titorandos respecto a este asunto. Ademais, ao longo do curso promoveuse activamente a importancia de adquirir un certificado de inglés para a súa inserción laboral. Por outro lado, unha empresa vinculada á preparación de oposicións visitou a Escola para repartir libros e material informativo. Non obstante, non se realizou ningunha charla explicativa sobre este tema, a pesar do notable interese mostrado polo alumnado. Continúan publicándose nun taboleiro ofertas de emprego relacionadas co ámbito educativo, tanto en España como no estranxeiro.
Aumentar a taxa de eficiencia e a taxa de gradación.	x			Este obxectivo valorarase no Informe Revisión pola Dirección elaborado pola Comisión de Calidade do centro.
Mellorar a información dos estudantes en relación co Centro e a Universidade.		x		Diversos organismos da Escola, como o PAT-ANAE, a Comisión de Calidade ou a Coordinación Web e Marketing desenvolven un traballo constante na mellora deste obxectivo, conscientes de que o alumnado descoñece aínda moitos aspectos relacionados coa Escola e a Universidade. Cómpre destacar que, na convocatoria de eleccións para elixir ao estudiantado titor/, ningunha especialidade presentou candidatura, polo que estas funcións foron asumidas polos/as delegados/as de terceiro curso, aínda que non houbo unha participación activa dos mesmos neste ámbito,

GRAO DE CUMPLIMENTO DO PAT					
Actuacións de organización					
Actividade	Non desenvolvido	Parcialmente desenvolvido	Desenvolvido	Xustificación	Asistentes
<u>Sesión</u> Organización e presentación			x	As sesións desenvolvéronse nos meses previstos no Plan de Acción Titorial para o curso 2024-25, contando coa participación activa de todos os membros implicados.	Dirección, titoras e coordinación do PAT-ANEAE
<u>Presentación</u> Estudantes e Titoras			x	Presentación das titorías nos primeiros días de clase: funcións, utilidade, avisos, etc.	Estudantes e titoras
<u>Asesoramento</u> Seguimento continuo			x	Reunións co alumnado para asesoralos e escoitar as súas queixas e/ou suxestións ao longo do curso. No primeiro curso realizáronse entrevistas individuais cos estudantes, mentres que no resto dos cursos estas realizáronse sempre que o estudante o solicitou.	Estudantes e titoras
<u>Análise</u> Avaliación final do PAT		x		A recollida de datos sobre a satisfacción do alumnado presentou algunhas limitacións. As enquisas non foron distribuídas en todos os cursos, e a súa aplicación nas últimas semanas do cuadrimestre provocou unha baixa participación por parte do estudiantado. Ademais, detectouse que unha parte significativa do estudiantado descoñece que é o PAT o que dificulta unha valoración da súa experiencia. Por outro lado, non se conseguiu recompilar a valoración das titoras sobre o desenvolvemento das súas titorías ao longo do curso.	Estudantes e titoras
Actuacións de acollida					
Actividade	Non desenvolvido	Parcialmente desenvolvido	Desenvolvido	Xustificación	Asistentes
Acto de benvida alumnado de 1º			x	Recibiuse ao alumnado de novo ingreso nos actos de presentación que tiveron lugar o día 6 de setembro de 2024.	Alumnado de 1º, profesorado e dirección do centro

Acto de presentación alumnado de 2º, 3º			x	Día sinalado para reunirse o alumnado de cada curso e especialidade coa súa titora. Tiveron lugar o día 9 de setembro de 2024.	Titoras e alumnado de 2º, 3º
Actuacións de apoio e seguimento					
Actividade	Non desenvolvido	Parcialmente desenvolvido	Desenvolvido	Xustificación	Asistentes
Accións co profesorado titor			x	Establecéronse reunións cada cuadrimestre co obxectivo de avaliar o desenvolvemento das titorías, revisar a organización, propoñer melloras e planificar as actuacións a levar a cabo. Compartir experiencias entre os axentes implicados ofreceu, en moitos casos, obter a resposta ás necesidades que foron xurdindo ao longo do curso.	Titoras e coordinadora do PAT
Accións co alumnado titor	x			Durante o curso 2024/2025, e ante a falta de candidaturas, as funcións do estudiantado titor foron asumidas polos delegados/as de terceiro. Non obstante, estas función non se desenvolveron.	Alumno/a titor/a e coordinadora do PAT

4. CONCLUSIONES

Durante o curso 2024/2025, o Plan de Acción Titorial e de Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE) desenvolveuse de maneira satisfactoria, segundo se desprende dos resultados das enquisas (ver ANEXO I). A súa implementación caracterizouse por unha busca constante de espazos de interacción entre a titora e o alumnado, tanto en formato grupal como individual, mediante encontros presenciais e a través de plataformas dixitais como Teams ou Intranet. Todas as intervencións realizadas estiveron orientadas ao cumprimento dos obxectivos establecidos.

A implicación da titora na vida académica dos seus titorandos foi un elemento fundamental potenciado desde a coordinación, especialmente co alumnado de primeiro curso, onde o acompañamento intentouse que fose máis próximo e continuo co obxectivo de favorecer a súa adaptación ao ámbito universitario e resolver as dúbidas e problemas que lles puidesen xurdir. Isto reflíctese nos datos recollidos, xa que un 95,91% dos enquistados consideraron axeitado o

sistema de seguimento, o que indica que os mecanismos de control e acompañamento funcionan correctamente, aínda que tamén comentan a necesidade de algunha titoría de grupo máis.

Compre destacar o traballo desenvolvido pola coordinadora do ANEAE, en colaboración co PIUNE, ao longo do curso académico. A súa constante dispoñibilidade para atender e acompañar ao alumando con necesidades específicas de apoio educativo foi clave para garantir unha resposta eficaz, ofrecendo respostas individualizadas que permitiron implementar accións adaptadas a cada caso, favorecendo a inclusión plena destes estudantes na vida universitaria. Estas medidas foron compartidas co conxunto do profesorado, promovendo unha intervención coordinada e eficaz que contribuíu a asegurar a equidade no acceso á formación e na participación académica. Neste curso 2024/2025, foron un total de 16 estudantes os que solicitaron apoio educativo, presentando unha variedade de diagnósticos e necesidades específicas.

Desde a coordinación de ANEAE detectouse un incremento nos casos de estudantes que presentan alteracións no estado de ánimo, estrés e ansiedade. Por este motivo, decidiuse establecer medidas para a detección e o seguimento destas situacións, partindo da observación directa do profesorado na aula, e co obxectivo de promover o seu benestar emocional e garantindo unha resposta educativa axeitada ás súas necesidades. Para este fin, elaborouse unha táboa de indicadores (ver Anexo II), que foi remitida a todo o profesorado para ser cuberta e compartida coa persoa coordinadora no caso de detectar algunha das situacións das previamente sinaladas.

A decisión, por parte da coordinación do PAT-ANEAE e da Comisión de Calidade, de pasar po las aulas durante o mes de setembro para informar aos estudantes sobre os órganos colexiados da Escola, as comisións existentes, as funcións do PAT..., foi acertada xa que resultou unha maneira sinxela e fácil de compartir con eles como se desenvolve a Escola e poñer cara as persoas con responsabilidade en diferentes ámbitos do centro. Concretamente, o 90,06% do alumando considera suficiente a documentación e a información previa ofrecida do PAT-ANEAE; solo un 9,94% o considera insuficiente, o que suxire un pequeno marxe de mellora neste aspecto, buscando novas vías de comunicación e accesibilidade.

Ademais, tamén se procedeu á solicitude de candidaturas para asumir as funcións do estudante titor, co obxectivo de realizar a correspondente elección mediante votacións previstas para a primeira semana de novembro. Non obstante, ante a ausencia de candidaturas presentadas, e

conforme ao establecido no Plan Anual do PAT-ANEAE, estas funcións foron asumidas polos delegados de terceiro curso dos Graos en Educación Primaria e Educación Infantil. A pesar de asumir formalmente estas responsabilidades, os delegados/as non desenvolveron ningunha acción vinculada, o que impediu o desenvolvemento efectivo das actividades previstas neste ámbito.

Con respecto as actividades celebradas no centro ao longo do curso –conferencias, charlas, cursos, talleres, concursos..., compre salientar que estiveron orientadas á formación e información do alumnado, abordando unha ampla variedade de temáticas.

A continuación, recóllense os principais actos desenvolvidos:

Conferencias/Charlas	Data de celebración
A influencia das novas tecnoloxías no periodismo	3 de outubro
Alcohólicos Anónimos	10 de outubro
O oficio de escribir para xente nova	17 de outubro
Ser maestro/a é...	28 de novembro
A creatividade en el aula	12 de decembro
Ciberacoso e peligros de Internet	19 de decembro
Pegadas do terrorismo en España	27 de febreiro
O prácticum nos títulos universitarios e o seu valor formativo.	6 de marzo
Día Internacional da Vida	3 de abril

Cursos/Talleres/Concursos...	Datas de celebración
Celebración do Magosto	31 de outubro
Concurso e celebración do Nadal	Mes de decembro
VI Concurso fotográfico “Día Internacional da muller”	Mes de marzo
Talleres para nenos/as de altas capacidades. Escola de Familias. Inventiva	Novembro- xuño
I Certame “Os libros van de festa”	24 de abril

Segundo os resultados das enquisas realizadas, existe unha percepción maioritariamente positiva por parte do alumnado respecto á planificación e execución das actividades do PAT-ANEAE, así como á elección das datas para a súa realización. En concreto, máis do 93% dos

estudante valoraron “boa” ou “moi boa” a organización das actividades, e o 91,23% considerou axeitadas as datas establecidas. Sen embargo, a pesar desta valoración favorable, detectouse unha baixa participación nas distintas propostas o que evidencia unha desconexión entre a percepción positiva e o grao de implicación real do estudiantado. Esta situación suxire a necesidade de revisar os mecanismos de motivación e implicación estudiantil, así como de explorar novas fórmulas que favorezan unha participación máis activa e comprometida.

Sinalar que, este curso, a sesión informativa sobre normativa académica no se puido realizar debido a que non se conseguiu incluíla no calendario de actividades programadas.

Susana Álvarez Iago
Coordinadora del PAT

ANEXOS

ANEXO I

Resumen dos resultados obtidos nos cuestionarios de satisfacción cubertos polo alumnado.

ANEXO IV-A PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL: CUESTIONARIO FINAL DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO

1. Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT:

Insuficiente	9,94%
Suficiente	90,06%

2. Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

Moi mala	0,58%
Mala	5,85%
Boa	71,35%
Moi boa	22,22%

3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?

Nada	0,58%
Pouco	14,04%
Bastante	66,67%
Moito	18,71%

4. Valore o grao de utilidade do PAT:

Nada	2,34%
Pouco	14,03%
Bastante	52,05%
Moito	31,58%

5. Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

Si	91,23%
Non	8,77%

6. Considera axeitado o sistema de seguimento?

Si	95,91%
Non	2,92%
NS/NC	1,17%

ANEXO II

REGISTRO DE OBSERVACIONES – TABLA DE INDICADORES

Fecha de realización:

Nome do estudante:

Curso:

Persoa que realiza o rexistro:

INDICADORES PARA OBSERVAR SIGNOS

Por favor, marca cunha X, o indicador que observas no estudante.

INDICADORES	Marcar cunha X
Trastorno do sono	
Tristeza	
Aillamento, problemas de relación	
Enlentecemento	
Irascible, irritable	
Comportamentos autolíticos	
Cambios bruscos a nivel emocional	

OBSERVACIONES: